

INSERCIÓN LABORAL

EIL1314



**Estudo da inserción laboral dos titulados
no Sistema Universitario de Galicia
2013 - 2014 (EIL1314)**

EDITA:

**Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia
(ACSUG)**

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5º andar
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173
Fax: 981 534174
Correo-e:
insercion.laboral@acsug.es
Páxina web:
www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.



ACSUG É MEMBRO DE PLENO DEREITO DE ENQA



ACSUG ESTÁ REXISTRADA NO EQAR



ACSUG É MEMBRO DE ECA



A ACSUG TEN IMPLANTADO UN SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE E DO MEDIO AMBIENTE CERTIFICADO POR AENOR NAS NORMAS ISO 9001:2008 E ISO 14001:2004. O SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL ESTÁ VERIFICADO POSITIVAMENTE SEGUNDO O REGULAMENTO COMUNITARIO DE ECOXESTIÓN E ECOAUDITORÍA (EMAS).

EIL1314

INSERCIÓN LABORAL

Enquisa realizada en xullo de 2017

1- INTRODUCCIÓN

Desde a súa creación, no ano 2001, o consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) desenvolveu actividades orientadas á mellora continua da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), entre as cales se atopa a realización dun **seguimento periódico da poboación titulada no SUG**, materializada a través dos seus estudos de inserción laboral. Nestes estudos analízanse as valoracións dos titulados, proporcionando información da **percepción que teñen sobre a súa formación adquirida e a súa universidade**, e sobre a súa **busca de emprego e a súa situación laboral actual**.

O consorcio ACSUG presenta o **avance de resultados do “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014 (EIL1314)”**, complementando a serie temporal de estudos de inserción laboral da poboación titulada no Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Neste avance, preséntase **un resumo dos principais resultados acadados na duodécima enquisa, realizada á poboación titulada no curso académico 2013-2014 en xullo de 2017, aproximadamente aos tres anos despois de rematar o título**. A poboación obxecto de estudo está centrada na poboación universitaria titulada en **graos e títulos de 1º e 2º ciclo**

(diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías, enxeñarías técnicas, arquitectura e arquitectura técnica). Neste estudo detéctase un **incremento na representatividade dos titulados en graos**, en consonancia cos anos de implantación dos primeiros títulos de grao (2008-2009 e 2009-2010) froito do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

A mostra acadada foi de 5.132 titulados sobre unha poboación total de 8.403, o que representa un 61,07% da poboación total de titulados no curso académico 2013-2014.

Con respecto aos obxectivos principais deste estudo coinciden cos dos anteriores estudos de inserción laboral realizados polo consorcio ACSUG: a obtención de información sobre **a percepción dos titulados sobre a súa formación e a súa universidade** (formación universitaria, prácticas e traballos durante a titulación, mobilidade e coñecemento de idiomas) e a obtención de información sobre **a súa busca de emprego e a súa situación laboral actual** (acceso ao emprego, vías de busca de emprego, situación laboral actual, tempo en atopar emprego, tipo de contrato e competencias requiridas no emprego).

1

Os distintos estudos realizados designaranse ao longo do texto coas siglas EIL (Estudo da Inserción Laboral) seguidas do curso ao que fai referencia.

1.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO EIL1314



O EIL1314, ao igual ca os anteriores estudos realizados desde o consorcio ACSUG, pretende obter información sobre a inserción laboral dos titulados no SUG, con especial atención aos seguintes aspectos.

- A percepción dos titulados sobre a formación e a universidade:

Mobilidade académica e idiomas	Realización de prácticas en empresas durante os estudos	Titulacións rematadas e motivos para continuar estudos	Itinerario académico
--------------------------------	---	--	----------------------

- As características do proceso de busca de emprego:

Tempo en atopar emprego	Grao de uso das distintas vías de busca de emprego e a súa eficiencia	Vía propiciatoria do primeiro emprego
-------------------------	---	---------------------------------------

- A situación do mercado de traballo dos titulados no SUG e as súas condicións laborais:

Capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados universitarios	Importancia dos distintos factores para a obtención dun emprego	Competencias, coñecementos e aptitudes necesarias para o desempeño do traballo
Condicións laborais no traballo actual: salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa...	Grao de satisfacción co seu emprego	

A análise destas dimensións permite obter unha fotografía completa do perfil dos titulados, incidindo en aspectos relevantes como o paso pola universidade, o acceso ao mercado de traballo e a situación laboral actual.



2- DATOS TÉCNICOS DO EIL1314

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados no SUG durante o curso académico 2013-2014 (titulados que estiveron matriculados no curso académico 2013-2014 e fixeron o depósito do título ao longo do ano 2014), polo que, ao igual ca nos anteriores estudos, **son titulados recentes** que remataron o título aproximadamente **tres anos** antes de realizar a enquisa.

A mostra enquisada foi de 5.132 titulados sobre un total de 8.403, representando arredor dun 61,07% da poboación total.

Universidade	Poboación 2013-2014	Mostra 2013-2014
A Coruña	2.512	1.536
Santiago de Compostela	3.396	1.918
Vigo	2.495	1.678
SUG	8.403	5.132

Táboa 2.1. Tamaño de poboación e mostra dos titulados no SUG no curso académico 2013-2014. Resultados por universidade e para o total do SUG.

No deseño da mostra, para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinándose o tamaño da mostra para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un **erro máximo admisible do 10%**, cun nivel de confianza do 95%.

O cuestionario empregado no presente estudo foi similar ao empregado en estudos anteriores.

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica asistida por ordenador, cun número máximo de cinco chamadas por titulado, elixidos de xeito aleatorio. O traballo de campo desenvolveuse ao longo do mes de xullo de 2017.

3- PERFIL DA POBOACIÓN TITULADA NO SUG 2013-2014



DATOS ACADÉMICOS

- Rematou a titulación elixida como primeira opción (75,02%).
- Gozou dalgunha bolsa de estudos (58,40%).
- Coñece un idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (46,28%), sendo o inglés o idioma máis coñecido (83,93%, como mínimo, son usuarios capaces de comunicarse en inglés con certa fluidez e redactar textos sinxelos).

BUSCA EMPREGO

- Buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos (73,92%), e atopouno (72,29% dos que o buscaron).
- Tardou unha media de 10,42 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.
- Buscou emprego prioritariamente a través de Internet, presentando de forma espontánea a súa candidatura ou a través de familiares ou amizades.

SITUACIÓN ACTUAL

- Traballaba no momento da realización da enquisa (79,59%), maioritariamente en Galicia (80,11%).

EMPREGO ACTUAL (DESPOIS DA TITULACIÓN)

- Ten un salario neto mensual medio de 1.231,02 €.
- Desenvolve funcións no seu traballo de nivel universitario (79,38%).

SATISFACCIÓN CO ITINERARIO ACADÉMICO

- Se tivese que volver a comezar, volvería á universidade (92,43%).

Táboa 3.1. Perfil dos titulados no SUG no curso académico 2013-2014 tres anos despois de remataren os seus estudos.
Resultados para o total do SUG.

03



4- RESULTADOS DO EIL1314 NO SUG

4.1. DATOS ACADÉMICOS

NESTE APARTADO A POBOACIÓN TITULADA NO SUG REALIZA UNHA VALORACIÓN SOBRE A FORMACIÓN ACADÉMICA E A OBTENCIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO, A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS E O TRABALLO DURANTE OS ESTUDOS, A PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE E O COÑECEMENTO DE IDIOMAS.

4.1.1. FORMACIÓN UNIVERSITARIA

Titulación cursada como primeira opción

Para o 75,02% dos titulados durante o curso 2013-2014 a titulación obtida fora a súa primeira opción. Esta porcentaxe supón un descenso de case dous puntos porcentuais con respecto ao último estudo realizado.




Figura 4.1. Titulación cursada elixida como primeira opción. Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si era a súa primeira opción	73,68%	74,58%	77,21%	73,21%	73,12%	73,90%	73,33%	76,89%	75,02%
Non era a súa primeira opción	26,32%	25,42%	22,79%	26,79%	26,88%	26,10%	26,67%	23,11%	24,98%

Táboa 4.1. Titulación cursada elixida como primeira opción. Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.



Bolsas de estudos

O 58,40% dos titulados gozou dalgunha bolsa durante os seus estudos. Esta cifra é similar á obtida no estudo previo. Máis da metade dos titulados que obtiveron unha bolsa de estudos mantivérona durante tres ou máis cursos académicos.




Figura 4.2. Bolsas de estudos durante a titulación e a súa duración (en cursos académicos).
Resultados para o total do SUG.

Os titulados que gozaron de bolsa responderon maioritariamente (98,44%) que a axuda proviña dunha institución pública española.

As bolsas de institucións privadas españolas son minoritarias: só o 2,24% dos enquisados gozaron delas.

Outras titulacións universitarias rematadas

O 50,42% dos titulados durante o curso 2013-2014 ten outra titulación universitaria rematada, a maiores da titulación pola que foi enquisado. Isto supón un incremento de algo máis de 3,5 puntos porcentuais con respecto á porcentaxe obtida para os titulados no 2012-2013.

Dos titulados que conseguiron outro título universitario, o 78,32% ten un mestrado.




Figura 4.3. Tipo de titulación universitaria adicional rematada.
Resultados para o total do SUG.

4.1.2. PRÁCTICAS E TRABALLOS DURANTE A TITULACIÓN

Prácticas en empresas/institucións

Tres de cada dez titulados realizou prácticas en empresas/institucións durante os seus estudos, sen seren materias obrigatorias no plan de estudos.

Esta porcentaxe vén diminuíndo desde o 77,75% do EIL0809 ata o 30,64% actual. Sen embargo, debe terse en conta que nos últimos estudos se fixo especial fincapé en que se respondese só en relación a prácticas non obrigatorias para a titulación.




Figura 4.4. Prácticas(non incluídas no plan de estudos) en empresas/institucións durante a titulación. Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si realizou prácticas	65,78%	62,09%	69,05%	77,75%	75,68%	69,34%	48,22%	31,17%	30,64%
Non realizou prácticas	34,22%	37,91%	30,95%	22,25%	24,32%	30,66%	51,78%	68,83%	69,36%

Táboa 4.2 Prácticas (non incluídas no plan de estudos) en empresas/institucións durante a titulación. Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Traballos durante a titulación

Un 40,42% dos enquisados compaxinou os estudos cun traballo.

Analizando en detalle aos enquisados que traballaron durante a titulación obsérvase que na maioría dos casos o traballo foi a tempo parcial (68,60%) e non estaba relacionado coa titulación (59,00%).




Figura 4.5. Traballo durante a titulación e tipo de xornada do último traballo.
Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados que estudan a tempo completo véñse mantendo ao redor do 60% durante os últimos estudos.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si traballou	36,08%	37,54%	39,91%	42,34%	37,93%	40,69%	39,03%	39,93%	40,42%
Non traballou	63,92%	62,46%	60,09%	57,66%	62,07%	59,31%	60,97%	60,07%	59,58%

Táboa 4.3. Traballo durante a titulación.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

4.1.3. MOBILIDADE

Participación en programas de mobilidade

O 19,17% de titulados participou nalgún programa de mobilidade durante a súa estada na universidade. No 83,21% dos casos, o destino foi unha universidade europea e no 75,42% de casos o programa de mobilidade era o Erasmus.




Figura 4.6. Participación en programas de mobilidade durante a titulación. Resultados para o total do SUG.




Figura 4.7. Localización da universidade á que se desprazou co programa de mobilidade durante a titulación. Resultados para o total do SUG.




Figura 4.8. Tipo de programa de mobilidade nos que participou durante a titulación. Resultados para o total do SUG.

4.1.4. COÑECEMENTO DE IDIOMAS

Linguas (exceptuando galego e castelán)

O 95,74% dos titulados durante o curso 2013-2014 coñece e é quen de usar algún idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán).

Esta porcentaxe vense incrementando ano a ano: 91,36% no EIL1112 e 93,12% no EIL1213.

Dos titulados que coñecen algún idioma adicional, o 83,93% din ser, como mínimo, usuarios capaces de comunicarse en inglés con certa fluidez e redactar textos sinxelos (fronte ao 78,82% do estudo anterior).

En canto ao resto de linguas da contorna de España, o 32,71% dos enquisados ten algún coñecemento de francés, mentres que o 17,69% indica coñecer o portugués. O italiano e o alemán resultan ser as linguas máis descoñecidas polos titulados: non as coñecen o 90,78% e o 91,94% dos enquisados, respectivamente.




Figura 4.9. Coñecemento de idiomas adicionais ás linguas oficiais do SUG e o seu número.

Resultados para o total do SUG.



4.2. BUSCA DE EMPREGO

NESTE APARTADO A POBOACIÓN TITULADA NO SUG QUE BUSCOU TRABALLO NALGÚN MOMENTO RESPONDEN SOBRE A BUSCA DE EMPREGO: O ACCESO AO PRIMEIRO EMPREGO RELACIONADO COA TITULACIÓN, E A VALORACIÓN DO USO E EFECTIVIDADE DAS DISTINTAS VÍAS DE BUSCA DE EMPREGO.

4.2.1. ACCESO AO EMPREGO

Busca de emprego

O 73,92% dos titulados buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos, e o 72,29% deles atopouno.




Figura 4.10. Buscou emprego relacionado coa titulación e atopouno.
Resultados para o total do SUG.

Con respecto ao estudo anterior, aumentou a porcentaxe de titulados que buscaron e atoparon emprego ata o 53,94%. Tamén se observa un incremento de máis de seis puntos porcentuais na porcentaxe dos que non chegaron a buscalo.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si buscou e atopouno	45,49%	52,01%	51,13%	47,56%	47,25%	44,49%	45,98%	50,37%	53,94%
Si buscou, pero non atopou	23,02%	26,72%	31,08%	34,33%	38,43%	39,05%	35,03%	29,84%	19,98%
Non buscou	31,49%	21,27%	17,79%	18,12%	14,32%	16,46%	19,00%	19,78%	26,08%

Táboa 4.4. Buscou emprego relacionado coa titulación e atopouno.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Tempo en atopar o primeiro emprego

Un titulado tarda unha media de 10,42 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.




Figura 4.11. Tempo (en meses) que leva atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.

Resultados para o total do SUG.

A distribución entre os distintos tramos temporais é similar á do EIL1213, aínda que se observa unha diminución importante na porcentaxe dos titulados que tardaron menos dun mes.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Menos de 1 mes	1,68%	26,56%	23,15%	19,44%	21,89%	23,13%	14,72%	13,12%	9,71%
Entre 1 e 3 meses	54,67%	34,81%	34,12%	30,54%	22,12%	19,42%	10,81%	12,71%	14,94%
Entre 3 e 6 meses	15,90%	16,19%	15,60%	14,87%	14,89%	13,04%	13,30%	13,63%	14,20%
Entre 6 e 12 meses	17,50%	14,50%	18,10%	20,99%	21,56%	20,53%	16,31%	16,97%	16,11%
12 meses ou máis	10,24%	7,94%	9,03%	14,15%	19,53%	23,87%	44,85%	43,57%	45,05%
Tempo medio (meses)²	5,53	4,79	5,32	6,68	8,06	8,48	9,79	9,54	10,42

Táboa 4.5. Tempo (en meses) que leva atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.

Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.



2

Media calculada descartando as respostas maiores ou iguais a 36 meses en EIL1112-EIL1213, e a 42 meses en EIL1314.

4.2.2. VÍAS DE BUSCA DE EMPREGO

Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego

O grao de utilización (de 1 a 5) das distintas vías para a busca de emprego durante o curso 2013-2014 foron **Internet** (3,99), **presentando de forma espontánea a súa candidatura** (3,87) ou **a través de familiares ou amizades** (3,03). **Máis da metade dos titulados (55,42%) atopan o seu primeiro emprego por algunha destas tres vías, que xa eran as máis empregadas e efectivas nos estudos anteriores.**




Figura 4.12. Grao de utilización das distintas vías de busca de emprego e vía propiciatoria do primeiro emprego relacionado coa titulación. Resultados para o total do SUG.

4.3. SITUACIÓN ACTUAL

NESTE APARTADO A POBOACIÓN TITULADA NO SUG REALIZA UNHA VALORACIÓN SOBRE A SÚA ACTIVIDADE ACTUAL: TRABALLAN, ESTUDAN E/OU PREPARAN OPOSICIÓN.



4.3.1. ACTIVIDADE DOS TITULADOS

Cursa estudos universitarios

O 17,65% dos titulados durante o curso 2013-2014 (20,23% para os homes; 16,01% para as mulleres) continua estudando no momento da realización da enquisa.

Esta porcentaxe supón unha redución de máis de cinco puntos porcentuais con respecto á obtida no estudo anterior (23,15%). No caso das mulleres, esta diminución supera os oito puntos porcentuais (24,24%).




Figura 4.13. Estuda.
Resultados para o total do SUG.




Figura 4.14. Estuda segundo o xénero.
Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si estuda	32,24%	33,73%	28,34%	20,33%	22,11%	24,11%	23,38%	23,15%	17,65%
Non estuda	67,76%	66,27%	71,66%	79,67%	77,89%	75,89%	76,62%	76,85%	82,35%

Táboa 4.6. Estuda.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

O 52,73% dos titulados que estaban cursando estudos universitarios no momento da realización da enquisa estudaba un mestrado, e o 24,51% estudaba un doutoramento.

Os estudos de mestrado e doutoramento tamén obtiveron as porcentaxes máis elevadas no estudo previo: un 52,47% e un 23,38%, respectivamente.




Figura 4.15. Tipo de estudos universitarios que cursa.
Resultados para o total do SUG.

Do total de titulados en 2013-2014, seguen estudos de mestrado (9,30%), doutoramento (4,32%), grao (4,05%), licenciatura/enxeñaría/arquitectura (0,11%) e diplomatura/enxeñaría técnica/arquitectura técnica (0,08%).

Prepara oposicións

O 25,18% dos titulados durante o curso 2013-2014 (22,59% para os homes; 26,71% para as mulleres) preparaba oposicións no momento da realización da enquisa.



Figura 4.16. Prepara oposicións.
Resultados para o total do SUG.




Figura 4.17. Prepara oposicións segundo o xénero.
Resultados para o total do SUG.

A porcentaxe de titulados que preparaban oposicións aumentou lixeiramente con respecto ao EIL1213 (24,02%).

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si prepara oposicións	25,82%	29,50%	26,02%	24,72%	13,36%	14,11%	19,59%	24,02%	25,18%
Non prepara oposicións	74,18%	70,50%	73,98%	75,28%	86,64%	85,89%	80,41%	75,98%	74,82%

Táboa 4.7. Prepara oposicións.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Traballa

O 79,59% dos titulados durante o curso 2013-2014 (80,06% para os homes; 78,64% para as mulleres) traballaba no momento da realización da enquisa.

Isto representa un incremento de nove puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (70,59%).




Figura 4.18. Traballa.
Resultados para o total do SUG.




Figura 4.19. Traballa segundo o xénero.
Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si traballa	71,07%	66,11%	61,93%	59,29%	58,32%	63,33%	67,53%	70,59%	79,59%
Non traballa	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%	36,67%	32,47%	29,41%	20,41%

Táboa 4.8. Traballa.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

Non traballa pero traballou

O 69,09% dos titulados que non traballaban no momento de realizar a enquisa, si que traballaron nalgún momento desde que remataron a titulación (58,03% no EIL1213). De media, finalizaron ese traballo hai 7,26 meses (6,85 meses no EIL1213).

O 64,38% alega como motivo da finalización do traballo a **fin do contrato**, o 34,09% unha **baixa voluntaria**, e o 1,53% restante **outros motivos**.




Figura 4.20. Traballou nalgún momento dende que rematou a titulación.
Resultados para o total do SUG.




Figura 4.21. Motivo da finalización do último traballo.
Resultados para o total do SUG.



4.4. EMPREGO ACTUAL

NESTE APARTADO A POBOACIÓN TITULADA NO SUG REALIZA VALORACIÓNS SOBRE AS CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO ACTUAL OU DO ÚLTIMO EMPREGO (DESPOIS DA TITULACIÓN): LUGAR DE TRABALLO E ANTIGÜIDADE NEL, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E TIPO DE XORNADA LABORAL, TAMAÑO DA EMPRESA, SALARIO NETO MENSUAL, FUNCIÓNS DESENVOLVIDAS NO TRABALLO E NIVEL DE SATISFACCIÓN.

A ESTE APARTADO RESPONDERON SÓ OS TITULADOS QUE TRABALLABAN NO MOMENTO DE REALIZAR A ENQUISA.

4.4.1. LUGAR DE TRABALLO

Lugar de traballo

A maioría dos titulados (80,11%) está a traballar en Galicia.

En xeral, a distribución dos titulados segundo o lugar de traballo é similar á obtida no estudo anterior, aínda que diminuíron aqueles que están a traballar fóra de España (5,04% no EIL1213).




Figura 4.22. Lugar do traballo.
Resultados para o total do SUG.

4.4.2. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Tipo de contrato

O **90,31%** (86,44% no EIL1213) dos titulados que traballaban facían por conta allea.

De entre os que traballaban por conta allea, só o 0,26% indicaron facelo sen contrato.




Figura 4.23. Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.
Resultados para o total do SUG.

Nos resultados por tipoloxía de contrato cómpre destacar o **aumento na porcentaxe de traballadores por conta allea con contratos indefinidos e eventuais, e a diminución dos que teñen contrato en prácticas.**

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Conta propia	6,85%	8,75%	8,49%	11,13%	10,19%	12,22%	13,98%	13,56%	9,69%
Indefinido	37,10%	33,91%	32,62%	30,98%	32,75%	32,59%	33,94%	30,45%	37,37%
Eventual	36,45%	30,72%	38,45%	38,72%	39,08%	33,75%	35,23%	32,68%	39,74%
En prácticas	9,65%	8,91%	5,78%	9,41%	9,40%	11,72%	10,60%	15,92%	9,14%
Bolsa	2,22%	2,34%	4,79%	4,24%	3,54%	5,22%	5,10%	6,29%	3,77%
Outros	5,18%	11,94%	7,58%	0,53%	0,52%	0,37%	-	0,35%	0,07%
Sen contrato	2,54%	3,43%	2,29%	4,98%	4,52%	4,14%	1,15%	0,75%	0,24%

Táboa 4.9. Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.

4.4.3. SALARIO

Salario neto mensual

O salario neto medio dun titulado durante o curso 2013-2014 é de 1.231,02 € ao mes.

Dous de cada tres titulados (67,50%) teñen un salario mensual superior a 1.000 €.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Sen salario	-	-	-	-	-	-	1,31%	1,39%	0,00%
Menos de 500 €	5,81%	5,62%	5,19%	8,26%	12,16%	11,62%	15,42%	13,12%	4,58%
Entre 500 € e 1.000 €	31,10%	31,87%	32,19%	34,13%	36,06%	38,91%	37,92%	34,36%	27,92%
Entre 1.000 € e 1.500 €	41,21%	40,63%	40,25%	38,67%	36,25%	32,57%	28,74%	32,44%	41,77%
Entre 1.500 € e 2.000 €	18,25%	17,73%	18,25%	14,68%	12,05%	12,76%	12,61%	13,98%	19,88%
2.000 € ou máis	3,64%	4,14%	4,12%	4,27%	3,49%	4,15%	4,00%	4,71%	5,85%
Salario medio deflactado³	1266,40 €	1270,97 €	1258,99 €	1158,76 €	1059,04 €	1057,11 €	1037,08 €	1086,60 €	1231,02 €

Táboa 4.10. Salario neto mensual (en euros).
Comparativa con estudos anteriores dos resultados para o total do SUG.



3

Salario deflactado aplicando a variación do índice de prezos de consumo (IPC). Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).

4.4.4. FUNCIONES DESARROLLADAS

Funciones que desarrolla

O 79,38% dos titulados que traballan están desenvolvendo funcións de nivel universitario no seu traballo. Deles, o 84,45% desenvolve funcións específicas da súa titulación.

Estas porcentaxes son lixeiramente superiores ás acadadas no estudo previo.




Figura 4.24. Desenvolve funcións de nivel universitario e específicas da titulación.

Resultados para o total do SUG.

4.4.5. COMPETENCIAS

Competencias requiridas no traballo actual

As cinco competencias máis valoradas polos titulados durante o curso 2013-2014 son as mesmas que se obtiñan no estudo anterior (cunha pequena variación de orde nas posicións cuarta e quinta).

Competencia, coñecemento, actitude	Valoración media
Capacidade para a aprendizaxe	4,55
Motivación	4,52
Capacidade para resolver problemas	4,49
Adaptabilidade	4,40
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,39

Táboa 4.11. Utilidade das competencias para o desempeño do traballo.

Resultados para o total do SUG.

4.5. SATISFACCIÓN CO ITINERARIO ACADÉMICO

NESTE APARTADO A POBOACIÓN TITULADA NO SUG REALIZA UNHA VALORACIÓN DO SEU NIVEL DE SATISFACCIÓN CO SEU ITINERARIO ACADÉMICO.

4.5.1. VALORACIÓN FINAL DA TRAXECTORIA UNIVERSITARIA

Volvería cursar...

O 92,43% dos titulados volvería cursar estudos universitarios.

As porcentaxes de repetición do itinerario académico son similares as obtidas nos estudos anteriores.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si volvería cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%	86,96%	88,83%	90,43%	92,43%
Si volvería cursar a súa titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%	77,84%	78,32%	80,29%	80,76%
Si volvería cursar a súa titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%	86,23%	86,48%	85,59%	88,49%

Táboa 4.12. Repetición do itinerario académico.
Resultados para o total do SUG.

O 66,05% do total de titulados volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade (62,15% no EIL1213).




Figura 4.25. Repetición do itinerario académico.
Resultados para o total do SUG.



GRUPO DE TRABAJO

GRUPO DE ANÁLISE ESTATÍSTICA

Pedro Faraldo Roca (Director do Grupo)
Rosa María Crujeiras Casais (coordinadora)
Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
Universidade de Santiago de Compostela

María José Lombardía Cortiña
Salvador Naya Fernández
Departamento de Matemáticas
Universidade da Coruña

Verónica Carreira Figueiras
ABANCA

Adela Martínez Calvo
Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

José María Matías Fernández
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Vigo

Belén María Fernández de Castro
CESUGA
Universidad San Jorge

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

M.ª Carmen Fernández Montes
Técnico de programas da ACSUG
Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA